

II II
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

ALGUNHAS NORMAS
PRA A UNIFICAZÓN
DO IDIOMA GALEGO



II II
NÓS, PUBLICAZÓNS GALEGAS E IMPRENTA. SANTIAGO

F-15846



SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

ALGUNHAS NORMAS PRA A UNIFICAZÓN DO IDIOMA GALEGO

en el resarcido da memoria dos escritores
galegos e coñecemento dunsas normas que
en criticas que desfutan ou en otros díminos
a muralla que hoxe hai no escribir o noso idioma. O «Seminario de Estudos Galegos» dende
os primeiros días da súa coza agarroun es
ideia e reuníou varias persoas que levaron a efecto os
resultados polo de agora positivos (1). Por coido
que elixira sexa mais factible este intento jom
completamente.



(1) Assemblea fundada no Pazo de Raxoi de Santiago de Compostela, febreiro de 1920, presentación na súa liña de unha comisión de profesores con apóstole do Prof. Morsalo, da Universidade de Santiago de Compostela, que se encargou de organizar a mesma.

NÓS, PUBLICAZÓNS GALEGAS E IMPRENTA, SANTIAGO

R. 123 E 9



ipp

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGO

ALGUNHAS NORMAS
PRA A UNIFICAZION
DO DIPLOMA GALEGO



NOS ESTAMOS A DISPOSICIÓN PARA SOLICITAR DOCUMENTACIÓN



ALGUNHAS NORMAS PRA A UNIFICAZÓN DO IDIOMA GALEGO

É anceio constante da maoría dos escritores galegos o coñecemento dunhas normas siquera ortográficas que desboten ou ao menos diminuen a anarquía que hoxe hai no escribir o noso idioma. O «Seminario de Estudos Galegos» dende os primeiros días da sua eisistencia agarimóu esta ideia e teimóu varias vegadas levala a efecto sen resultados polo de agora positivos (1). Por coidar que cicáis sexa mais factibre este intuito pondo

(1).—Na Asamblea xeral en Pontevedra, de Abril de 1928, o señor Couceiro Freixomil presentou unhas bases pra a sua unificación, que dempois emprentou cun apéndice do Prof. Moralejo, da Universidade de Santiago. Os asisados estudos destes autores, son dinos da maior loubanza, e moito nos serviron na nosa laboura.

cada un da nosa parte o que poidamos é polo que a Seizón de Filoloxía quer presentar á consideración do «Seminario» pra uso particular dél e sen rigurosas pretensións científicas estas breves normas baseadas todas elas na orientazón que imos a espor.

A lingua galega foi orixinariamente a mesma que usou o reino portugués no seu berce, e con el a pesares da separazón política marchóu xunto na fala o pobo galego ata fins do séc. XIV. Cando có Renacemento a nazionalidade portuguesa terminou de facerse, a irmán galega en troques sofréu a perda da sua concencia nazonal i este aletargamento durou catro séculos ata comenzaos do XIX. Namentres a lingua portuguesa chegaba a ser unha das principás do mundo pola sua extensión e pola sua belida literatura, a galega perdéu a vida no mundo da cultura sendo esto unha das máis fortes causas da inferioridade espiritual da nosa Terra durantes esas nefastas centurias. Mais é unha das ventaxas dos pobos celtas e polo tanto do noso a sua forteza contra as invasión e os agrilloamentos doutras culturas, cicáis pola sua posizón xeográfica de «*finis terræ*», que fai difícil o doménio e a persistenza da invasión extrana, cicáis pola superioridade numérica da poboazón rural con respecto á das vilas ou millor polo propio valor de resistenza dos habitantes destes sofridos pobos. O caso é que a Galiza a pesares da «*capitis diminu-*

tio» que dende o séc. XV ven sofrendo, mantivo e mantén ditosamente ergueito o seu idioma falado pola inmensa maoría dos seus fillos cun senso antergo e primitivo en moitas formas e xiros que esquençeron os mesmos portugueses influídos na sua vida cultural dos séc. XV, XVI e de gran parte do XVII polos países de fala castelán e cunha peculiaridade de desenrolo noutras moitas formas e xiros que impiden toda posibilidade de adaptar lisa e totalmente a nosa língua ás normas que rixen a bela fala de Portugal.

Co-esto está dito o espirto que debe domeñar a nosa orientación: «O de achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher no noso idioma». Felizmente este foi o método que siguéu o «Seminario» dende un principio, así no desbotar os apóstrofos, no suprimir moitas sinalefas, etc., e non cremos polo tanto innovazón senón proseguimento lóxico as normas que presentamos cando din algo que non se compre agora. Mais somentes debemos achegarnos nos valdeiros que hai que encher na nosa fala, pois agás da nosa principal obriga de deixar que o galego siga ceibamente polos sulcos que él vaise marcando non podemos crer que o portugués sexa unha língua perfeita ainda coa relativa perfeizón a que se pode aspirar nas cousas do linguaxe, e por esto cando unha construzón castelán que viña suplir unha falla no galego tomou patria no noso idioma, se aquela é

superior técnicamente á portuguesa co-ela debemos ficar.

As normas, que deben abranguer todal-as cuestións ortográficas non resoltas, só deben coller as fonéticas e morfológicas atinxidas por aquelas e as demáis necesarias pra a conservazón e o desenrollo do xenio da nosa fala. Co esto non dicimos que fiquen resoltas as principás dúbidas e sí só as que atoparon unha soluzón aceptada unánimemente polos membros da Seizón. Mais non nos magoa esta falla, por ser a nosa idea proceder sen presas e con siso. Hoxe é tempo de adolescenza da nosa cultura e polo tanto da nosa língua; así que non trabemos o desenrollo dela desbotando as ricas formas dialectás, ou sometendo a régoas infrexibles a evoluzón das verbas dende o latín, ou asiñando taxativamente os cultismos. A cultura galega por tanto tempo descurada quer ar puro e amor agamoso de nai polo de agora. Xa lle virá o día de asometerse ás prescrizóns, moitas veces nimias dos doutores.

NORMAS ORTOGRAFICAS

LETRAS

a) *Vocás.*

1. Non se fará distinzón gráfica entre as vocás abertas e pechadas, nin entre as longas e breves, agás das vocás longas dos monosílabos, que levarán acento agudo: á=a la; có=con el; só=solo; pó=poner.

2. Xuntas dúas vocás iguás fanse unha: xeral, aló. Exceptúase «areeiro».

b) *I semiconsonante e semivocal.*

Escribiráse sempre con i latina: lei, Maio.

c) *Consoantes.*

1 ç.—Prescíndase do seu uso.

2 h.—Consérvase somentes nas verbas que o teñan en latín: home, hoxe, herba, Hespaña.—Prescíndase dél por tanto en orfo, irmán, achar, encher.—Úsese tamén o h pra representar a nasalidade do «n» en «unha» e os seus compostos.

3 ll, ñ.—Prescíndase da grafía portuguesa lh, nh.

4 q.—Úsese somentes diante da combinazón «ue, ui»; queixo, quixo.—Úsese sempre nas verbas procedentes do grego en que o latín escribéu ch sustituindo a X grega; arquivo, arquidiócese.

5 x.—Só provisionalmente por razóns de comenza actual prescíndase sempre da representación etimolóxica que usa os siños g, j; xente, xaneiro.—Consérvese a grafía x con son «cs» nos cultismos «nexo», «exágono», etc.—Nas verbas enxebres convítase este x entre vocáis en «is» ou «ns», segúin as variantes dialectás: eisame, ensame, i entre consoantes, en «s»: estrano.

6 Co fin de ir desbotando o son «z» castelán, que non é galego, prescíndase de todo «z» final e mais do inicial de verbas que en latín comenzañ por «s» usando só esta derradeira letra; así, «lus», «vos», «soco», «sugar».

d) *Grupos consoantes.*

1 Nas verbas cultas mantéñanse os grupos primitivos; «apto», «obviar».

SIÑOS ORTOGRÁFICOS

1 *Acento*.—Rixen en xeral as normas de acentuazón castelán.

Exceizóns.—1) O expresado no párrafo a) das letras, sobre as vocás longas dos monosílabos.—2) A terceira persoa de singular do presente de indicativo do verbo «ser» levará acento pra distinguila da conxunzón «e».—3) Os pronomes «nos», «vos» tamén cando son tónicos.—4) As maiúsculas non se eximen de levar acento.

2 *Apóstrofo*.—Prescíndase do seu uso.

3 *Guión*.—Consérvese só: 1).—Entre o «i» eufónico e o sustantivo que empeza por «a» tónico; «a i-auga», «a i-alma».—2) Despois do troque de «s» final de sustantivo, adjetivo, ou pronom en «l» diante de artigo e pronom átono, e do de «r» ou «s» de verbo na mesma letra diante de artigo; «tolol-os», «vol-os», «cantol-o viro» querel-o neno (1).—3) Despois do adverbio «non» reducido a «n» diante de verbas que empescen por vocal.—4)

(1).—A asisada opinión de Leite de Vasconcellos, que debía separarse «vo-los» ten en contra que hoxe os galegos silabamos «vol-os».

Despóis da preposición «con» reducida a «co» dian-
te dos demostrativos ou pronome de terceira per-
soa.

III

LIGAZÓN DE VERBAS SEN SIÑO

1 Os verbos cos pronomes seguintes átonos; «douma» =me la dió. 2 Os pronomes átonos seguidos; «cho» =te lo. 3 A preposición «a» có artigo determinado masculino; «ao», «aos». 4 As preposizóns «de», «en» reducidas graficamente a «d», «n», xuntaranse coa verba seguinte se ésta é artigo determinado ou indeterminado, os adxetivos «outro» e «algún», demostrativos ou pronome de terceira persoa. 5 A preposizón «con» reducida a «co» xuntarase có artigo determinado, e reducida a «c» có indeterminado; «có», «coas», cunhas. 6 As partículas que finan en «r», «s», xuntaranse có artigo determinado seguinte cando troquen aquelas letras en «l»; «polo», «poilo».

E NORMAS FONÉTICAS

1 A conxunzón «e» só se trocará en «i» diante doutro «e».

2 A conxunzón «si» en latín é sempre «se» en galego.

3 O grupo «ion» en latín, nunca fará en galego «eon»; así, endexamáis «naceón», «ocaseón».

4 O grupo «au» en latín da sempre «ou» en galego cando ésta é a silaba tónica; «coutho».

5 O grupo «ui» en latín nunca fai «vie» en galego; así endexamáis «constituie».

6 Os grupos «nn», «mn» en latín, dan sempre «n» en galego; «cana», «dano».

7 O grupo «ll» en latín, nunca fai o son «ll» en galego; «selo», «apelido».

8 A terminazón «ine» en latín con i breve, fai «e» en galego; «orde», «virxe».

9 A terminazón «inu», «ina» latina fará «iño», «iña» nos sustantivos; así «viño», «raiña», más non nos adjetivos; así «fino», «divino».

10 A terminazón «te» precedida de vocal en latín, consérvese en galego trocando o «t» en «d»; «cidade», «sede», «saúde».

11 A terminazón «is» en grego fará «e» en gallego; así, «tése», «necrópole».

12 A aférese, elisión de vocás entre consoantes, paragoxe e metátese de consoantes, usaránse só nos casos consagrados.

NORMAS MORFOLÓXICAS

1 As verbas rematadas en vocal, forman o plural engadendo «s»; «homes», «reis».

2 As rematadas en «r», engaden «es»; «mulleres», («ar» pode formar o plural «ars»).

3 As que finan con «l», cando son polisílabas agudas, forman o plural trocando o «l» en «s» «casás», «reás», «caravés». («Aquel» pode formar «aqueles»). Nos demás casos engaden «es»; «ánxeles», «fáciles», «vales».

4 As rematadas en «s», se son agudas engaden «es»; se non o son, fican invariadas; «meses», «barballoas», («Paspallás» é o mesmo en singular que en plural). Se estas verbas en latín finaban en «x», poden, como en latín, facer o plural gráficamente en «ces», perdendo o «s», do singular; «vozes», «rapaces».


5 As verbas rematadas en «an» non fan o feminino engadendo «a»; nunca «castelana», «catalana».

(Estas normas, despois de escoitados os pareceres dos membros da Seizón de Filoloxía, foron presentadas polo Direitor dela ao «Seminario de Estudos Galegos», que acordou a sua pubricazón na xuntanza xeral do 15 de Outubre de 1933).

27. 2
28. 2
29. 2
30. 2
31. 2
32. 2
33. 2
34. 2
35. 2
36. 2
37. 2
38. 2
39. 2
40. 2
41. 2
42. 2
43. 2
44. 2
45. 2
46. 2
47. 2
48. 2
49. 2
50. 2
51. 2
52. 2
53. 2
54. 2
55. 2
56. 2
57. 2
58. 2
59. 2
60. 2
61. 2
62. 2
63. 2
64. 2
65. 2
66. 2
67. 2
68. 2
69. 2
70. 2
71. 2
72. 2
73. 2
74. 2
75. 2
76. 2
77. 2
78. 2
79. 2
80. 2
81. 2
82. 2
83. 2
84. 2
85. 2
86. 2
87. 2
88. 2
89. 2
90. 2
91. 2
92. 2
93. 2
94. 2
95. 2
96. 2
97. 2
98. 2
99. 2
100. 2







REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15846